



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|--|--------------------|---|----------|
| Datos Identificativos | | | | 2018/19 |
| Asignatura (*) | Literatura Poscolonial | Código | 613G03026 | |
| Titulación | | | | |
| Descritores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Grao | 2º cuatrimestre | Terceiro | Obrigatoria | 6 |
| Idioma | Inglés | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Letras | | | |
| Coordinación | Frias Rudolphi, Maria | Correo electrónico | maria.frias@udc.es | |
| Profesorado | Frias Rudolphi, Maria Simal Gonzalez, Begoña | Correo electrónico | maria.frias@udc.es begona.simal@udc.es | |
| Web | https://moodle.udc.es/course/view.php?id=28956&lang=en | | | |
| Descrición xeral | Estudo das principais etapas, autores/as e obras da literatura en lingua inglesa escrita en África, América, Asia e Oceanía. Introducción socio-histórica ao mundo colonial e poscolonial no ámbito anglófono. Estudo das claves teóricas da crítica poscolonial do século XX e das novas escolas críticas como os Diaspora and Transnational Studies e máis aplicar as devanditas ferramentas críticas a unha selección de textos literarios. | | | |

| Competencias / Resultados do título | |
|-------------------------------------|-------------------------------------|
| Código | Competencias / Resultados do título |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|---|-------------------------------------|----------------------------------|----------------------|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título | | |
| Coñecer as literaturas en lingua inglesa dos países de África, América, Asia, e máis as diásporas asiáticas e africanas. | A1 A7 A16 | B5 B8 | C2 C4 |
| Coñecer o contexto socio-histórico e cultural das comunidades anglófonas de fóra de Europa, con especial atención á súa relación cos textos literarios da materia. | A16 A17 | B1 B5 B7 B8 | C2 C4 |
| Coñecer e aplicar os métodos de análise literaria, prestando especial atención ao enfoque da teoría e crítica poscoloniais. | A1 A2 A3 A11 A15 | B1 B2 B3 B6 B7 B8 | C2 C4 C6 C7 |
| Elaborar documentos escritos, maioritariamente ensaios e comentarios de texto en lingua inglesa, e levar a cabo exposicións e intervencións en lingua inglesa, con corrección e coherencia. | A6 A9 | B1 B3 B5 B7 B8 | C2 |

| Contidos | |
|----------|----------|
| Temas | Subtemas |
| | |



| | |
|--|---|
| 1. Contextos e crítica poscoloniais I: África e a súa diáspora. | 1.1.- Países anglófonos coloniais e poscoloniais (I): unha introdución socio-histórica. 1.2.- Conceptos clave na crítica e a teoría poscolonial (I): identidade nacional, cultural e lingüística; temas de xénero. |
| 2. Literaturas poscoloniais en inglés I: África e a súa diáspora. | 2.1. Literaturas poscoloniais en África: Achebe, Nwapa, Darko, Adichie. 2.2. Literaturas poscoloniais no Caribe (Indias Occidentais): Edwidge Danticat, Jean ?Binta? Breeze, Louise Bennet, Jamaica Kincaid, Bob Marley. 2.3. Literaturas poscoloniais na Diáspora Africana (Reino Unido y Canadá): Grace Nichols, Jackie Kay, Olive Senior, Linton Kwesi Johnson, James Berry. |
| 3. Sobre os temas e subtemas máis recurrentes nas literaturas postcoloniais. | 3.1. A viaxe física e psicolóxica. 3.2. Crise de identidade (desarraigo e traumas de aculturación). 3.3. ¿Qué elixir?: Ficar, marchar ou volver á ?casa?. 3.4. A contraposición dos discursos LGBTI en escritores e máis escritoras. |
| 4. Contextos e crítica poscoloniais II. | 4.1 Países anglófonos coloniais e poscoloniais (II): unha introdución socio-histórica. 4.2 Conceptos clave na crítica e a teoría poscolonial (II): cara aos estudos transnacionais e diaspóricos. |
| 5. Literaturas poscoloniais en inglés II: Canadá, Asia e as novas diásporas. | 5.1.- Literaturas poscoloniais en América: Canadá (textos de Atwood, Munro, King, etc.). 5.2.- Literaturas poscoloniais en Asia: subcontinente indio (textos de Rushdie, Divakaruni...) 5.3.- Conceptos clave nos estudos transnacionais e diaspóricos: globalización, neocolonialismo, cosmopolitanismo (textos de Bobis, Desai, Divakaruni) |

Planificación

| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
|------------------------|-----------------------------------|---|-------------------------|--------------|
| Lecturas | A6 C2 | 3 | 42 | 45 |
| Sesión maxistral | A3 A7 A16 A17 B5 C2 | 10 | 0 | 10 |
| Discusión dirixida | A1 A2 A11 A15 B7 B8 C4 C6 C7 | 12 | 12 | 24 |
| Proba de ensaio | A9 B1 B2 B3 B6 | 6 | 24 | 30 |
| Proba mixta | A3 A6 A7 A9 A11 A15 A16 A17 C2 | 2 | 24 | 26 |
| Solución de problemas | A2 A11 A15 B1 B5 B7 C6 C7 | 5 | 5 | 10 |
| Atención personalizada | | 5 | 0 | 5 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías

| Metodoloxías | Descrición |
|--------------|---|
| Lecturas | Para unha materia de literatura resulta esencial que cada estudante se responsabilice de ter feitas as lecturas asignadas para cada día antes de entrar na aula. Cada estudante deberá levar a cabo a lectura das fontes primarias (textos literarios), e tamén, en menor medida, de fontes secundarias de extensión reducida. Só se levarán a cabo lecturas en clase cando se trate de textos breves. O calendario detallado de lectura darase a coñecer na primeira clase da materia, pero as/os estudantes poden (e deben) adquirir e ler os DOUS textos longos de obrigada lectura que aparecen no apartado de FONTES DE INFORMACIÓN. |



| | |
|-----------------------|--|
| Sesión maxistral | Neste tipo de sesións a docente explicará o contexto socio-histórico e cultural no que se inscriben os textos a analizar, se explorarán os conceptos teóricos máis relevantes nos estudos poscoloniais e se proporcionarán pautas de análise textual. As sesións maxistrais levaranse a cabo nas clases co grupo grande, correspondentes á docencia expositiva (DE). De xeito ocasional, poderase organizar unha conferencia a cargo de expertas/os de outras universidades. |
| Discusión dirixida | Nesta actividade, partindo dos textos e das explicacións da docente, se animará ao alumnado a participar por medio de preguntas ou temas de debate. Esta discusión dirixida pode complementar as sesións maxistrais nas clases de grupo grande (DE), aínda que se levará a cabo fundamentalmente nas clases interactivas de grupo intermedio (DI) e nos seminarios de grupo pequeno (TGR). |
| Proba de ensaio | Estas probas ou exercicios de clase consisten na elaboración de ensaios breves en resposta a preguntas teórico-prácticas e se levarán a cabo fundamentalmente na aula, se recollerán e computarán a efectos de avaliación. Nos seminarios cos grupos pequenos (TGR) se procederá a explicar os erros e dúbidas máis relevantes dos exercicios recollidos en clase. |
| Proba mixta | Estas probas finais, que se realizarán nas datas oficiais de exames (oportunidades de xuño e xullo), consistirán en preguntas de tipo teórico-práctico, e poden incluír preguntas breves así como exercicios máis longos e complexos (essay questions). |
| Solución de problemas | Este tipo de metodoloxía atenderá ás dúbidas que xurdan das lecturas, debates, análises e probas. Estes problemas atenderanse nas titorías de grupo reducido (TGR) ou en titorías máis individualizadas. |

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|-----------------------|--|
| Solución de problemas | Como corresponde ao tipo de avaliación continua que caracteriza a esta materia, cada estudante ou grupo reducido de estudantes precisará dunha orientación persoalada, nomeadamente no que se refire á comprensión dos textos e conceptos, e no que atinxe á súa participación en clase e á elaboración de exercicios escritos. A devandita orientación se desenvolverá ben nas TGR (Titorías de Grupo Reducido), ben nas titorías semanais, onde tamén se atenderán dúbidas e problemas puntuais. |

Avaliación

| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | Cualificación |
|--------------------|---------------------------------|--|---------------|
| Discusión dirixida | A1 A2 A11 A15 B7 B8 C4 C6 C7 | Nestas actividades o/a estudante amosará o seu grado de comprensión e aproveitamento das lecturas encomendadas; daquela, valorarase a capacidade de reflexión crítica sobre os textos analizados. Tamén se avaliarán as competencias lingüísticas propias do grado, nomeadamente a calidade da expresión en lingua inglesa. Este apartado da avaliación terá en conta as actividades individuais e grupais desenvolvidas fundamentalmente nas aulas, prestando especial atención á actitude colaborativa e participativa do/a estudante. | 10 |
| Proba de ensaio | A9 B1 B2 B3 B6 | Ademáis de ter realizado as lecturas e de ter atendido ás explicacións do/da docente, neste tipo de actividade o/a estudante amosará o seu grado de comprensión e aproveitamento das devanditas explicacións e lecturas nestos ensaios. Na avaliación destas probas escritas, terase en conta especialmente a capacidade de reflexión crítica sobre os textos analizados ou os conceptos baixo estudo. Tamén se valorarán as competencias lingüísticas propias do grado, nomeadamente a calidade da expresión escrita. | 50 |



| | | | |
|-------------|-----------------------------------|---|----|
| Proba mixta | A3 A6 A7 A9 A11 A15 A16 A17 C2 | Neste tipo de actividade o/a estudante amosará o seu grado de comprensión e aproveitamento das lecturas encomendadas, por medio do comentario e análise textual, polo que se valorará a capacidade de reflexión crítica sobre os textos analizados. Tamén se valorarán tanto os coñecementos teóricos adquiridos como a capacidade do alumnado que aplicar os devanditos coñecementos á práctica. Por último, nestas probas finais se avaliarán as competencias lingüísticas propias do grado, nomeadamente a calidade da expresión escrita en lingua inglesa. Estes exames poden combinar preguntas de resposta breve ("objective test";) con outras preguntas a desenvolver (essay questions; "subjective" test). | 40 |
|-------------|-----------------------------------|---|----|

Observacións avaliación

Para superar a materia, a suma das distintas probas, traballos e demais actividades avaliábeis terá que superar o 5 sobre 10. Para realizar a suma dos distintos aspectos avaliábeis, o/a estudante deberá acadar al menos 4 sobre 10 en cada un dos tres apartados de avaliación. A participación dinámica nas diferentes tarefas da clase, así como toda actividade adicional de "extra-credit" que o alumnado realice ao longo do cuatrimestre, poderá supoñer ata un 5% extra na nota final. Isto inclúe traballos voluntarios, lecturas alternativas ou calquera outra actividade proposta polo profesorado ou polo alumnado e aceptada por ambos.

PLAXIO: Á hora de avaliar os ensaios e traballos de cada estudante, a profesora prestará especial atención a posibles casos de plaxio; a tal efecto, poderá realizar entrevistas orais co alumnado ou empregar recursos e aplicacións como o TURNITIN que detecta citas incorrectas, plaxio e outros tipos de fraude. Se isto ocorrer, aplicaranse as normas contra o plaxio (Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario). TURNITIN reconece traballos previamente realizados por outras persoas (ou polo/a propio/a estudante) nesta universidade ou noutras, ademais doutros materiais localizados en Internet.

ESTUDANTES CON DISPENSA: Aquelas/es estudantes que estean matriculados a tempo parcial, e teñan concedida unha dispensa académica, como establece a Normativa de permanencia desta universidade, serán avaliados en calquera oportunidade seguindo os mesmos criterios que para a segunda oportunidade (xullo).

CUALIFICACIÓN DE "NON PRESENTADO": Aquel(a) estudante que non se presente á proba final e/ou non teña realizado traballo igual ou superior ao 50% do resto das categorías de avaliación acadará a cualificación de NP.

AVALIACIÓN DE XULLO: Os/as estudantes que non teñan acadado un 4 sobre 10 en cada un dos tres apartados de avaliación, aínda que a nota media sexa superior a 5, terán que ir á oportunidade de xullo, na que cada estudante terá que demostrar ter acadado as competencias da materia mediante a superación das seguintes probas: 40% da proba mixta (semellante ao exame final de xuño), 50% de proba de ensaio, e mais 10% de actividades dirixidas (exercicios escritos).

Os alumnos que se presentan á convocatoria adiantada de decembro avaliaranse segundo as normas especificadas para a oportunidade de xullo.

Atención á diversidade: Existe unha oficina (ADI) na universidade que se especializa en "atender os membros da comunidade universitaria con necesidades especiais derivadas da discapacidade ou doutras formas de diferenza fronte á poboación maioritaria". O alumnado que o desexe pode falar coa profesora Ana Veleiro (Facultade de Filoloxía) para acadar máis información ou poñerse directamente en contacto coa ADI na dirección de e-mail adi@udc.es.

Fontes de información



| | |
|------------------------------------|--|
| Bibliografía básica | <ul style="list-style-type: none">- ACHEBE, Chinua (1958 [2001]). Things Fall Apart (novel). London: Penguin- ADICHIE, Chimamanda Ngozi (2009). "The Arrangers of Marriage" (short story). London: Fourth State.- ATTA, Sefi (2010). Swallow (novel, OPTIONAL). Northampton: Interlink.- ATWOOD, Margaret (). Selected poetry (from The Journals of Susanna Moodie) and fiction (from The Handmaid's Tale).- BOBIS, Merlinda (1999). ?The Long Siesta as a Language Primer? (short story). The Kissing / White Turtle- BENNET, Louise (2008). "Colonization in Reverse". http://www.thenewblackmagazine.com/view.aspx?index=1377- BERRY, James (1982). "Lucy's Letters" (poem). London: New Beacon.- BREEZE, Jean "Binta" (2001). "The Arrival of Brighteye". http://www.youtube.com/watch?v=Oylxi-pPPwM- DARKO, Amma (1991). Beyond the Horizon (novel OPTIONAL). London: Heinemann- DESAI, Anita (2000). ?Winterscape? (short story). Diamond Dust- DIVAKARUNI, Chitra B. (1995). ?Doors? (short story). Arranged Marriage- KAY, Jackie (). "Things Fall Apart" (poem). http://www.poetryarchive.org/poetryarchive/singlePoet.do?poetId=5682- KINCAID, Jamaica (1988). "Small Place" (essay). New York: Farrar- KING, Thomas (1999). "Joe the Painter..." (FROM One Good Story That One).- MUNRO, Alice (). "Free Radicals".- NICHOLS, Grace (1984). "The Fat Black Woman Goes Shopping" (poem). London: Virago.- RUSHDIE, Salman (1980). Midnight's Children (Book One: MANDATORY; rest of the novel: OPTIONAL). London: Penguin.- SELVONS, Samuel (1988). "London Taxi Driver" (poem).- SENIOR, Olive (). "Colonial Girls School" (poem). http://www.poetryarchive.org/poetryarchive/singlePoet.do?poetId=14910- ZEPHANIAH, Benjamin (). "A Slave Song" (poem).- VVAA (). Selected poetry (handouts/Moodle). <p>Aínda que o calendario detallado de lectura darase a coñecer na primeira clase da materia, a docente recomenda encarecidamente ás/aos estudantes que comecen ler os DOUS textos longos de obrigada lectura (a novela completa de Achebe e os capítulos da novela de Rushdie) tan pronto lles sexa posible. Existen varias copias destes dous libros nas bibliotecas da UDC, e tamén se poden atopar ou reservar ambas novelas en librerías por estaren publicadas en editoriais de ampla difusión.</p> |
| Bibliografía complementaria | <ul style="list-style-type: none">- Ashcroft, B., G. Griffiths and H. Tiffin (2007/2013). Postcolonial Studies: The Key Concepts. 2nd/3rd edition.. Routledge- Ashcroft, B., G. Griffiths and H. Tiffin (1989/2002). The Empire Writes Back. Theory and Practice in Post-Colonial Literatures. 2nd ed. . Routledge- Boehmer, Elleke (1995/2005). Colonial and Postcolonial Literature. Oxford UP- Booker, M. K. (1998). The African Novel in English. An Introduction. Heinemann- Childs, Peter, and Patrick Williams (1997). Introduction to Post-Colonial Theory. Prentice- Keown, Michelle; David Murphy and James Procter, eds. (2009). Comparing Postcolonial Diaspora. . Macmillan- McLeod, John (2010). Beginning Postcolonialism, 2nd ed.. Manchester UP- Steger, Manfred (2013). Globalization: A Very Short Introduction. Oxford UP- Wisker, Gina (2007). Key Concepts in Postcolonial Literature. Macmillan- Wawrzinek, Jennifer and J.K.S. Makokha (2011). Negotiating Afropolitanism: Essays on Borders and Spaces in Contemporary African Literature and Folklore. Rodopi <p>Recoméndase utilizar o primeiro libro desta lista, de Ashcroft, Griffiths e Tiffin (identificador ou sinatura da biblioteca UDC: L2-4120), como libro de consulta xeral (especialmente na súa segunda ou terceira edición), ademais de outros textos máis curtos (capítulos de libro e artigos) que aportará ou recomendará a docente para cada tema en particular.</p> |



Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Introdución aos Estudos Literarios/613G03005
Literatura Inglesa 1/613G03010
Literatura Inglesa 2/613G03017
Lingua Inglesa 4/613G03019
Lingua Inglesa e os seus Usos 1/613G03020
Cultura e Civilización dos Países de Fala Inglesa/613G03022

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

A Literatura Inglesa e a súa Crítica/613G03032

Materias que continúan o temario

A Literatura Inglesa e a súa Crítica/613G03032

Traballo Fin de Grao/613G03041

Observacións

Aínda que o calendario detallado de lectura darase a coñecer na primeira clase da materia, a docente recomenda encarecidamente ás/aos estudantes que comecen ler os DOUS textos longos de obrigada lectura (a novela completa de Achebe e os capítulos da novela de Rushdie) tan pronto lles sexa posible. Existen varias copias destes dous libros nas bibliotecas da UDC, e tamén se poden atopar ou reservar ambas novelas en librerías por estaren publicadas en editoriais de ampla difusión.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías